



SAL. 007426 03.12.18 09:46

O Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, establece no seu artigo 5 que a USC poderá convocar prácticas externas extracurriculares a través do Consello Social da Universidade, ademais da vicerreitoría competente, dos centros, do FEUGA e doutras entidades xestoras habilitadas. A duración das ditas prácticas externas extracurriculares organizadas polo Consello Social da Universidade será dun mínimo de 125 horas (5 ECTS) e dun máximo de 750 horas (30 ECTS) considerando unha equivalencia de 25h/ECTS.

No artigo 27 do dito Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establecécese que a administración universitaria, os centros e as estruturas de investigación da USC, ademais das empresas ou entidades que estean participadas de forma maioritaria por esta, poderán ser receptoras de estudiantes en prácticas. Con carácter previo á realización destas prácticas debe de existir unha solicitude do órgano convocante das prácticas (neste caso do Consello Social da USC), un informe da unidade receptora de alumnos en prácticas (no caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia) e a aprobación do acordo de prácticas por Resolución Reitoral ou polo órgano no que se delegue.

Á vista da proposta do Consello Social da USC, unha vez recibida a comunicación de D. Juan Granja Guillán, investigador principal do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da Universidade de Santiago de Compostela, de 26 de outubro de 2018, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas de todas as titulacións oficiais impartidas na USC no Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC

Esta Reitoría resolve,

1. Autorizar a realización de prácticas académicas externas extracurriculares dos/as alumnos/as de todas as titulacións oficiais impartidas na USC nas instalacións do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC.
2. Establecer o seguinte réxime de prácticas académicas externas extracurriculares:
 - Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudiante na universidade.
 - As prácticas realizaranse no período que determine o Consello Social, de acordo coa dirección do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC, e deberá concretarse na oferta de prácticas.
 - As prácticas a realizar polo alumnado terán relación coas liñas de investigación nas que traballa o Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica e non implicarán ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinarán a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os/as alumnos/as que van realizar as prácticas externas extracurriculares serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito. Tamén será requisito do alumnado o de non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares nin ter realizadas as prácticas extracurriculares no mesmo centro receptor en convocatoria precedente, agás que a actividade a realizar sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nese centro, e o de non ter realizado o depósito do título. Os alumnos seleccionados deberán matricularse nos prazos establecidos




na resolución de adxudicación das prácticas; de non facelo entenderase que desisten da súa realización.

- Por cada alumno/a que realice as prácticas no Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC deberán completarse os datos solicitados no *Modelo para cubrir os datos específicos das prácticas académicas externas autorizadas por Resolución Reitoral a realizar por parte de estudiantes desta Universidade*, que figura como anexo a esta resolución.
- A Comisión con competencia en prácticas do centro no que estea matriculado o alumno nomeará a un titor académico, que realizará o seguimento das prácticas dos estudiantes. Así mesmo, o Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC deberá nomear un titor desta área para supervisar as prácticas realizadas polo alumnado.
- Ao finalizar cada período de prácticas cada estudiante deberán desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final sobre o realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC ao través do titor/-ra académico/a, á vista da memoria final e do informe do titor/-ra de prácticas externo das dependencias nas que realizou as prácticas.
- Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudiante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
- Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC emitirá por cada estudiante, que participase con regularidade nas prácticas externas, unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que, só surtirá efectos académicos, logo da avaliación do titor académico da USC.
- O alumnado menor de 28 anos segue baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de accidentes.
- Para calquera situación non contemplada nesta Resolución estarase ao indicado no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*, aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018

O Reitor



Antonio López Díaz

SR. SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL; SRA. DECANA DA FACULTADE DE QUÍMICA; SRA. DIRECTORA
ADXUNTA DO CIQUS; D. JUAN GRANJA GUILLÁN; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR.
DIRECTOR DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO

MODELO PARA CUMPLIMENTACIÓN DOS DATOS ESPECÍFICOS DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES ORGANIZADAS POLO CONSELLO SOCIAL DA USC AUTORIZADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL A REALIZAR POR PARTE DE ESTUDANTES DE TITULACIÓN OFICIAL DESTA UNIVERSIDADE CURSO ACADÉMICO 201...../201....

Os abaixo assinantes manifestan que lerón e aceptan as condicións e compromisos establecidos na Resolución Reitoral do 28 de novembro de 2018 da Universidade de Santiago de Compostela que autoriza a realización de prácticas no Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC, e fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: Extracurriculares

2.- Estudante beneficiario

Apelidos e nome:

.....
DNI

O/a estudante declara estar ao corrente no pagamento do seguro escolar para menores de 28 anos ou ter contratado un seguro de accidentes no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional.

3.- Titulación na que está matriculado o estudante

.....

4.- Centro/Dependencia e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....
.....

5.- Titor académico:

D/Dona.....

con DNI.....

6.- Titor externo do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC:

D/Dona.....

con DNI.....

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): *do..... ao*

Nº total de días: **Horas/día:**

8.- O réxime de permisos será accordado polo Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudiantes.

10.- O Obxectivo educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o

exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo será acorde coa titulación oficial na que esté matriculado o alumnado e reflectirase neste apartado do anexo de maneira individualizada para cada alumno/a e práctica académica externa extracurricular.

12.- Sistemas de avaliación e control: O tutor académico, á vista do informe do Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC e da memoria final do estudiante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudiante comprométese a cumplir coas seguintes obrigas:

- a. Incorporarse na data acordada e cumplir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumplir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumplir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumplir con diligencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado exemplar, en....., a.....de.....de 201.....

O Titor Académico, Asinado:	O Tutor polo Grupo de Investigación GI-2132 Química Supramolecular e Nanotubos Peptídicos da USC Asinado:	O alumno/a, Asinado:
--	--	-----------------------------------